

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 8 de outubro de 2020 polo que se someten ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense (GA/19/001.09).

Mediante a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 7 de outubro de 2020 aprobáronse provisionalmente os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixes viarios da rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense que se relacionan neste anuncio.

Por isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e no Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e á xestión do ruído ambiental, sométese ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixes viarios da rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense que a continuación se relacionan:

Estrada	Treito	P.q. inic.	P.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
LU-021	A Campiña (N-640)-DP-2927	0	1,45	1,45	Lugo
LU-530	Lugo-Enl. A-6	0	3,37	3,37	Lugo
LU-539	Viveiro (LU-862)-Viveiro (LU-540)	0	0,99	0,99	Viveiro
LU-662	Monforte de Lemos (LU-546)-Monforte de Lemos (LU-933)	0	1,21	1,21	Monforte de Lemos
LU-664	Monforte de Lemos (LU-546)-Monforte de Lemos (LU-617)	0	1,54	1,54	Monforte de Lemos
LU-862	Cobas (LU-P-6603)-Porto de Celeiro	82,98	86,92	3,94	Viveiro
LU-933	Monforte-Monforte	0	1,04	1,04	Monforte de Lemos

Estrada	Treito	P.q. inic.	P.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
AG-53	Enl. AG-54-Enl. Barbantes (A-52)	78,74	87,24	8,5	Maside, Amoeiro, Punxín, Ourense, Toén
OU-100	Ourense (Av. Zamora)-Estación de San Francisco	0	0,52	0,52	Ourense
OU-525	Noalla (OU-538)-Ourense Sur saída 224 (A-52)	228,95	233,08	4,13	San Cibrao das Viñas, Ourense



Estrada	Treito	P.q. inic.	P.q. fin	Lonx. (km)	Concellos
OU-536	Ourense (Regueiro)-OU-537	1	6,02	5,02	Ourense, O Pereiro de Aguiar
OU-538	Noalla (N-525)-Polígono industrial de San Cibrao das Viñas	0	1,07	1,07	San Cibrao das Viñas
OU-540	Ourense-Enl. Carrefour	0	1,83	1,83	Ourense, Barbadás

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período en que os mapas poderán ser examinados polas persoas que o desexen co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que xulguen oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense), e nas respectivas casas dos concellos antes relacionadas. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópanse á disposición dos interesados os documentos completos dos mapas.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

